



Manuel M.<sup>a</sup> Durán Guillán, voceiro do grupo do Partido Popular neste concello, presenta ó pleno a seguinte moción para que sexa debatida na vindeira sesión plenaria relativa á instalación de medidas que melloren a seguridade nos espazos municipais.

### **Exposición de Motivos:**

O concello conta con diversas instalacións de uso deportivo repartidas por todo o territorio municipal as cales son cedidas para o seu uso ós diferentes clubs existentes.

Nelas, ademais de para a práctica deportiva, os clubs utilízanas como almacéns nos que gardar boa parte do material que necesitan para o desenvolvemento das súas actividades e que, na meirande parte dos casos, o seu custo de adquisición pode ser alto.

Dun tempo a esta parte véñense producindo, cada vez con máis frecuencia, roubos tanto en propiedades privadas como públicas. Por todos é sabido que nestes últimos días os "amigos do alleo" entraron nas instalacións do campo municipal de fútbol de Cadreche e levaron tanto material dos equipos de fútbol como da cantina, aparte dos estragos que fixeron.

Temos que ter en conta que os clubs do noso municipio non destacan precisamente polos seus altos presupostos, son clubs modestos aos que esas perdas lles ocasionan graves prexuizos.

Nalgúns dos espazos municipais os roubos prodúcense con reiteración e con poucos días de diferenza, o que pon de manifesto a extrema vulnerabilidade nestes lugares.

### **Por todo isto solicitamos ó pleno da corporación:**

Instar ó grupo de goberno a que realice a instalación dalgún sistema de alarma e vídeo vixilancia que sirva para mellorar a seguridade e como medida disuasoria para novos roubos.



Manuel M.<sup>a</sup> Durán Guillán

Concelleiro do Grupo Municipal do PP

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DA POBRA DO  
CARAMIÑAL**